



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fradesdiaruna.es

SESION PLENARIA EXTRAORDINARIA

DIA 28 DE DECEMBRO DE 2017

No Salón de Plenos da Casa do Concello, cando son as 14.45 horas do día 28 de decembro de 2017; a fin de celebrar Sesión extraordinaria convocada previamente para este día, reúnen-se os seguintes concelleiros:

D^a. María Ángeles Álvarez Carro, D. Jesús Miguel Prado Cea, D. Jesús Francos Sánchez, D. Ramón Garabato Boga, D. Manuel Ferreiro Marzoa, D. José María Pérez Lagos, D^a. Nelly Iglesias Rey, D^a Lorena Suárez Pardo; baixo a Presidencia de D. Roberto Rey Martínez como Alcalde- Presidente, e coa asistencia da Secretaria-Interventora do Concello Dona Carmen Gómez Otero, e coas ausencias de D. Óscar Botana Rúa e D. Juan Carlos Portos Bra.

O Alcalde- Presidente da apertura á orde do día.

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- Os señores concelleiros declaran coñecer e aproban por unanimidade o contido da acta da sesión extraordinaria anterior, de data 18 de decembro de 2017.

2.- DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DE INMOBLES NOS QUE SE DESENROLEN, TOTAL E EXCLUSIVAMENTE, ACTIVIDADES AGRARIAS, GANDEIRAS PERTENCENTES AO SECTOR PRIMARIO, POR CONCORRER CIRCUNSTANCIAS SOCIAIS, CULTURAI, HISTÓRICO-ARTÍSTICAS OU DE FOMENTO DO EMPREGO, QUE XUSTIFICAN TAL DECLARACIÓN, AOS EFECTOS DA OBTENCIÓN DUNHA BONIFICACIÓN DO 95 POR CIENTO DA COTA ÍNTEGRA DO IBI.

Logo de ver o Informe de Secretaría sobre o procedemento aplicable CF-149.2017, que consta no expediente.

O Alcalde- Presidente procede a explicar que no ano 2017 aprobouse un bando para dar información a efectos de solicitálas, e ademais chamouse á xente por teléfono. No exercicio 2016 aprobáronse 193 solicitudes. No exercicio 2017 constan 5 altas e 8 baixas, e procede dar lectura ao Informe da arquitecta municipal en funcións que consta no expediente e no que se recollen as altas e baixas, cuxo teor literal se transcribe a continuación:

<<Quen asina, D^a. María Carmen Novoa Sío, arquitecta dos servizos técnicos e urbanísticos do Concello de Frades (A Coruña), en relación ó artigo 9, sobre bonificacións, da Ordenanza Fiscal do Imposto de Bens Inmobles (BOP nº208; 30.10.2015), e unha vez revisadas as solicitudes presentadas durante o ano 2017, emite o seguinte: **INFORME**



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Coaña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

1. ANTECEDENTES.

PRIMEIRO. - Segundo o punto 1 do artigo 9 da ordenanza, serán obxecto dunha bonificación do 95% da cota íntegra do imposto, aqueles inmoables nos que se desenvolvan, total e exclusivamente, actividades agrarias ou gandeiras pertencentes ó sector primario.

SEGUNDO. - A bonificación do imposto de bens inmoables (en diante, IBI) solicitada neste ano 2017 terá efecto no período impositivo do ano 2018, e en ningún caso terá carácter retroactivo.

TERCEIRO. - As solicitudes presentadas viñeron acompañadas da seguinte documentación:

- Impreso de solicitude, asinado pola persoa titular da explotación gandeira ou agraria, ou polo representante da sociedade destinada á actividade gandeira ou agraria.
- Copia do DNI da persoa solicitante, e copia do CIF da sociedade (de ser o caso).
- Certificado de non ter débedas con Facenda non coa Seguridade Social, ou autorización asinada para realizar a consulta dende o Concello.
- Acreditación da titularidade catastral do ben inmoable, ou documento que acredite a relación entre o titular catastral e a persoa ou sociedade que realiza a actividade gandeira ou agraria, no caso de non ser a mesma (testamento, arrendamento ou cesión).
- Copia do DNI do titular catastral.
- Folla de saneamento. Se non se dispón dela, libro de explotación.

CUARTO. – Asemade, presentouse a devolución do IBI agrario do ano 2017 correspondente á referencia catastral 15039A502008120000JT, a favor de D. Jesús Rodríguez García, unha vez comprobado que dita bonificación estaba aprobada, pero non se puido aplicar, por un cambio de titularidade da parcela (pasou de herdeiros de D. José Rodríguez Lagares a D. Jesús Rodríguez García).

QUINTO. – Ademais, comprobouse que todos os solicitantes están inscritos no REGA.

SEXTO. - Unha vez revisadas todas as solicitudes, queda reflectido como anexo ó informe, o listado coas modificacións respecto á pasada convocatoria (incorporacións e baixas), co nome e DNI do titular. e a referencia catastral correspondente.

2. CONCLUSIONES.

PRIMEIRO. – Á vista do indicado nos puntos anteriores, infórmase favorablemente a bonificación no IBI dos bens inmoables que se indican no anexo do presente informe. Infórmase ós efectos oportunos.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, ACORDA

PRIMEIRO.- Aprobar o contido do informe- proposta dos servizos técnicos municipais nos seguintes termos:

A.- Declarar de especial interese ou utilidade municipal os seguintes inmoables nos que se desenrolan, total e exclusivamente, actividades agrarias, gandeiras pertencentes ao sector



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fades.dioruna.es

primario, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifican tal declaración, aos efectos da obtención dunha bonificación do 95 por cento da cota íntegra do IBI:

INCORPORACIÓNS NA BONIFICACIÓN DO IBI AGRARIO 2018 (RESPECTO AO ANO 2017)		
TITULAR	DNI ou CIF	REFERENCIA CATASTRAL
Novoa López, María del Carmen	32.446.989-S	15039B501004560000AO
Rodríguez García, Jesús	76.317.609-K	15039B503001140000AP
Díaz Rodríguez, Victorino (herdeiros de)	32.219.944-A	15039B501050450000AG
Vilariño García, Manuel	76.290.050-Q	15039A511001150000JW
López Bodelo, Andrés	76.311.006-L	15039A504002700000JE

B.- Non declarar de especial interese ou utilidade municipal os seguintes inmobles por non concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifican tal declaración, unha vez examinada a documentación presentada polos servizos técnicos, aos efectos da obtención dunha bonificación do 95 por cento da cota íntegra do IBI:

BAIXAS NA BONIFICACIÓN DO IBI AGRARIO 2018 (RESPECTO AO ANO 2017)		
TITULAR	DNI ou CIF	REFERENCIA CATASTRAL
Mandayo Suárez, Manuel (herdeiros de)	32.219.392-A	15039B503003540000AJ
Aparicio Sánchez, Alejandro (herdeiros de)	32.312.941-B	15039A504001860000JQ
Raposo Rodríguez, Basilio (herdeiros de)	32.258.353-W	15039B503004320000AG
Fernández Calvo, Manuel	32.220.118-Q	15039B505000550000AZ
Gandeiría Uzal, S. A. T.	V-15.853.229	15039A502002670000JL
Uzal López, Cándido	32.219.880-P	15039A502002680000JT
Montero Meijide, Jesús	32.220.240-T	15039B505000250000AH
Vilariño Mella, María	76.337.621-T	15039A507000200000JQ

C.- Asemade, presentouse a devolución do IBI agrario do ano 2017 correspondente á referencia catastral 15039A502008120000JT, a favor de D. Jesús Rodríguez García, unha vez comprobado que dita bonificación estaba aprobada, pero non se puido aplicar, por un cambio de titularidade da parcela (pasou de herdeiros de D. José Rodríguez Lagares a D. Jesús Rodríguez García).

Declarar de especial interese ou utilidade municipal e aplicar correctamente a mesma o seguinte inmovible no que se desenrolan, total e exclusivamente, actividades agrarias, gandeiras



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fradesdiaruna.es

pertencentes ao sector primario, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifican tal declaración, aos efectos da obtención dunha bonificación do 95 por cento da cota íntegra do IBI:

RECOÑECEMENTO DE BONIFICACIÓN DO IBI AGRARIO 2017		
Rodríguez García, Jesús	33.251.928-T	15039A502008120000JT

SEGUNDO.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia o contido deste acordo, así como no taboleiro de anuncios do Concello de Frades.

TERCEIRO.- Dar traslado do contido deste acordo ao Servizo de Xestión Tributaria da Deputación Provincial de A Coruña.

3.- CONFORMIDADE CO PROXECTO DA OBRA “ABASTECIMENTO DE AUGA ÁS PARROQUIAS DE MOAR E AÑÁ, FRADES (A CORUÑA), E APERTURA DO PERÍODO DE EXPOSICIÓN PÚBLICA.-

O Alcalde- Presidente procede a dar lectura ao escrito de Augas de Galicia recibido o día 30 de novembro de 2017, con número de rexistro de entrada neste Concello 2017/1443, que acompaña ao Proxecto de obras recibido na mesma data por importe de 790.821,37 euros.

As autorizacións explica que foron solicitadas á Xunta de Galicia <<temos copias das solicitudes das mesmas no expediente>>.

A continuación, procede a dar lectura ao Informe técnico das autorizacións que se achega ao expediente.

A continuación, procede a dar lectura á proposta da Alcaldía co teor literal seguinte:

<<ASUNTO: CONFORMIDADE CO PROXECTO DA OBRA “ABASTECIMENTO DE AUGA ÁS PARROQUIAS DE MOAR E AÑÁ, FRADES (A CORUÑA)”, E APERTURA DO PERÍODO DE EXPOSICIÓN PÚBLICA.-

A Administración Hidráulica de Galicia están a tramitar as actuacións contempladas no Convenio de Colaboración asinado con data 20 de xullo de 2016 entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Frades para a execución da actuación de abastecemento de auga ás parroquias de Moar e Añá, que ascende á contía de 790.821,37 euros.

Os obxectivos que se pretenden alcanzar están comprendidos no PROXECTO DA OBRA “ABASTECIMENTO DE AUGA ÁS PARROQUIAS DE MOAR E AÑÁ, FRADES (A CORUÑA)” de data decembro de 2016 redactado polo enxeñeiro de camiños canais e Portos Don Francisco Rosado Corral e visado polo Colexio Oficial, e aparecen correctamente descritos na Memoria xustificativa que se achega ao expediente.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fradesdiaruna.es

Con data 30 de novembro de 2017 con número de rexistro de entrada 1443 solicitouse a este Concello remisión de documentación en relación ao Convenio de Colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Frades en relación ao Proxecto << Abastecemento de auga ás parroquias de Moar e Añá >>.

Logo de ver canto antecede, propoño ao Pleno deste Concello a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Informado favorablemente pola arquitecta municipal en función sobre os documentos que comprende o Proxecto, dispoñibilidade dos terreos e autorizacións necesarias, dar a conformidade co PROXECTO DA OBRA “ABASTECIMIENTO DE AUGA ÁS PARROQUIAS DE MOAR E AÑÁ, FRADES (A CORUÑA)”, que será executado pola Xunta de Galicia.

SEGUNDO.- Compromiso do Concello de Frades de recibir as obras, e como titular das mesmas, asumir a súa posta en servizo, explotación, mantemento e conservación.

TERCEIRO.- Acreditar a dispoñibilidade dos terreos tal e como consta no Informe da arquitecta en funcións, que está libre de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado para a execución das obras de referencia, así como a reposición de servizos e servidumes. Se fose o caso, tramitar o oportuno expediente de expropiación e emitir certificación acreditativa do pago, ou no seu defecto da consignación na Caixa Xeral de Depósitos do depósito previo á ocupación e da indemnización polos prexuízos causados derivados da rápida ocupación.

CUARTO.- Unha vez aprobado, abrir un período de Información Pública polo prazo de 30 días mediante a publicación da aprobación do Proxecto no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, aos efectos de que os interesados podan presentar as alegacións que consideren pertinentes.>>

Os membros do Pleno, por unanimidade ACORDAN aprobar a proposta da Alcaldía nos seus mesmos termos.

Dado que non hai máis asuntos de que tratar na Sesión de hoxe, o Sr. Alcalde- Presidente levanta a sesión cando son as 15,10 horas, no lugar e data indicados, coa sinatura do Alcalde- Presidente e da Secretaria- Interventora que dá fe.

Vº. e Pr
O ALCALDE

A SECRETARIA

Asdo.: Roberto Rey Martínez

Asdo.: Carmen Gómez Otero.